

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PROFESORADO PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de profesorado para a Escola Municipal de Música: *profesor/a de instrumentos de vento, profesor/a de guitarra, profesor/a de piano, profesor/a de violín, profesor/a de percusión, profesor/a de linguaxe musical, música e movemento e coro e profesor/a de acordeón*, podendo unha mesma persoa impartir varias materias no caso de posuír a titulación correspondente, por un período de nove meses (de setembro de 2.010 a xuño de 2.011), na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado para que presten os seus servizos no Concello de Rois.

Á presente convocatoria darase publicidade no taboleiro de edictos do Concello e na paxina web do concello.

- 1- DURACIÓN DE CADA CONTRATO: NOVE MESES**
- 2- HORARIO DE TRABALLO:**

- XEFATURA DE ESTUDIOS.
- PROFESOR/A DE INSTRUMENTOS DE VENTO.
- PROFESOR/A DE GUITARRA.
- PROFESOR/A DE MÚSICA E MOVEMENTO
- PROFESOR/A DE LINGUAXE MUSICAL
- PROFESOR/A DE ACORDEÓN
- PROFESOR/A DE PERCUSIÓN.
- PROFESOR/A DE CORO.
- PROFESOR/A DE PIANO
- PROFESOR/A DE VIOLÍN.

O número de horas a impartir por cada profesor poderá variar en función do número de matrículas que se formalicen para cada unha das especialidades que se ofertan, podendo o Concello no caso de que non haxa matrícula suficiente dar de baixa unha especialidade.

Os/as profesores/as contratados/as deberán reunirse, conxuntamente con/coa Xefe/Xefa da Escola Municipal de música, 1 hora ao mes para tratar temas relacionados co funcionamento da Escola. Esta hora mensual será retribuída ao mesmo prezo que o establecido na cláusula 3 para hora de clase impartida.

Todos o profesorado impartirá unha hora a semana orquestra.

3- SALARIO: A retribución será de 20,00 € brutos por cada hora de clase impartida e por cada hora de reunión do profesorado.

4- REXIME XURÍDICO: A relación entre as persoas seleccionadas e o Concello rexerá en tódolos seus aspectos polas normas do dereito laboral e expresamente pola normativa aplicable ó contrato que se formalice.

5- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- Ser español ou cidadán da UE e ter cumpridos os 18 anos de idade.
- Non padecer ningunha enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño do posto de traballo.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade nin de incompatibilidade co posto a desenvolver, nin estar sometido a expediente disciplinario en calquera administración pública.
- Os/as aspirantes deberán estar en posesión de titulación de grao medio para a/s praza/s á/s que se opte.

6- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rois en horario de oficina, durante un prazo de 10 días naturais a partir da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello na paxina web do Concello. Á instancia achegarase inescusablemente fotocopia do DNI.

7- SELECCIÓN: A selección dos/as aspirantes compórase de dúas fases: concurso de méritos e entrevista persoal.

FASE XERAL DE CONCURSO: Esta fase realizarase antes da entrevista persoal e rexerá polo seguinte baremo:

a) *Experiencia en postos de traballo similares* (ata un máximo de 4 Puntos).

-Puntuarase por cada mes traballado a tempo completo (8 horas diarias) 0,1 puntos.

No caso de traballo a tempo parcial, computarase proporcionalmente ó número de horas traballadas.

b) *Posesión de Titulación Superior en algunha das especialidades que se demandan* (instrumentos de vento, de guitarra e/ou de percusión e corda): 1,5 punto.

c) *Coñecemento do idioma galego* (ata un máximo de 0,5 punto):

Pola posesión do título de perfeccionamento en lingua galega: 0,5 punto.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias:

- Para experiencia en traballos similares, os contratos de traballo debidamente rexistrados no INEM e un informe da vida laboral.

- Para Titulación Superior en algunha das especialidades e para coñecemento do idioma galego, o título ou certificado de haber realizado o/s mesmo/s.

En todo caso os méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

ENTREVISTA PERSOAL: Consistirá en contestar a preguntas relacionadas con tarefas a desenrolar e sobre os méritos alegados. O lugar de celebración será a Casa do Concello. Valorarase ata un máximo de catro puntos.

9.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES: Expirado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo dunha semana, que se publicará no taboleiro de edictos da corporación e na páxina web, indicando a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partires do día seguinte a publicación da resolución para poder subsanar o defecto. No suposto de non presentarse reclamacións as listas provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, fixará a composición do tribunal, lugar, data e hora do inicio das probas e porá fin a vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase no taboleiro de anuncios.

10.-TRIBUNAL CALIFICADOR:

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución da alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, a cal será esixible a todos e cando un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate o polos seus coñecementos específicos sobre selección e persoal, e entenderase, así mesmo, a paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida par o acceso á praza convocada. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o resto de persoal eventual non poderán formar parte dos mesmos. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación de nadei.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación de esta convocatoria. Os aspirante poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuaran con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir en aplicación das presentes bases.

Rexerase no que respecta a súa constitución e formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver tódalas dúbidas e os problemas que se puideran plantexar.

11.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA: Finalizada a selección o tribunal fará público no taboleiro a relación final dos que superen o proceso selectivo indicando o pertinente orde de prelación, poñendo de manifesto que aspirantes integran a bolsa de traballo.

12.- CONTRATACIÓN: O tribunal elevará á alcaldía proposta de contrato a favor do aspirante de maior puntuación .